



Expediente número: PLN/2017/9

**Sesión Ordinaria 10/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 28 de setembro de 2017**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 9/2017 do 07/09/2017**
- 2. Aprobación das festas locais para o ano 2018**
- 3. Dar Conta Expediente de Modificación de Crédito: 24/2017.TC12/17 e 25/2017.GC09/17**
- 4. Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito 23/2017.TC11/2017**
- 5. Incremento do límite imposto polo Pleno ás gratificacións do persoal do concello.**
- 6. Modificación Ordenanza da taxa reguladora de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.**
- 7. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial por importe 1.887,50 €**
- 8. Declaración institucional do concello de Redondela en materia antifraude.**
- 9. Actividades de control do pleno.**
 - 9 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
 - 9 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 9 . 3 Mocións.**
 - 9 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiúsos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da Alcaldía número 2.357/2017 con data do 25 de setembro de 2017, e sendo as vinte horas do 28 de setembro de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María José Barciela Barros
María Teresa París Blanco
María del Carmen Amoedo Dasilva
Ángela Antón Pazos
Jesús Crespo López
Julio César Mougán Vázquez
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

**GPM PSOE**

Mauro Álvarez Castro
Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo
Isaac Borja Araujo Figueroa
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez
Noé Cano Correa
José Roberto Darriba Ferradás
Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

GPM INDEPENDIENTE

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do concello, Ángel Santamariña Rivera; e actúa como secretaria, a secretaria do concello, Nuria Lobato Del Río, que da fe do acto. Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

INCIDENCIAS

- 1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e das vítimas da violencia contra a infancia.
- 2.- O alcalde fai un receso ás 22 horas do expresado día reanudándose a sesión ás 22 horas e 30 minutos.

ASUNTOS DA ORDE DO DIA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 9/2017 do 07/09/2017



Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 9/2017 do 07/09/2017.

Formúlanse as seguintes observacións:

1.- O concelleiro Cano Correa onde formula as seguintes observacións que transcritas literalmente dí:

a) No punto 4.3.1. relativo a Moción do GPM do PSdeG-PSOE sobre a merca dun edificio en Chapela

onde dí:

Considera que con carácter previo deberá legalizarse a construción existente e despois, no seu caso, tratar de mercalo.

Deberá dicir:

O sr. Cano Correa que a intención do PP, que despois explicarán, non será comprar un edificio ilegal, senón buscar a fórmula de legalizalo e despois mercalo.

b) Na paxina 12 Moción do GPM do PSdeG-PSOE sobre a merca dun edificio en Chapela

Onde di

*Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes **ACORDOS:***

Que o Concello de Redondela non compre ningún edificio ou edificio en construción que non se axuste á licenza urbanística.

2º

1º. Que o Concello de Redondela non compre o edificio ilegal situado na Finca da Puntela en Chapela.

2º.- Que o Concello de Redondela retome os expedientes de infracción urbanística abertos a esta edificación



Deberá dicir:

*Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes **ACORDOS:***

Que o Concello de Redondela non compre ningún edificio ou edificio en construción que non se axuste á licenza urbanística.”

2º Que o Concello de Redondela retome os expedientes de infracción urbanística abertos a esta edificación

c) Na páxina 13, tralo receso, debera constar a intervención do público:

No remate do receso diferentes asistentes como público ao pleno a viva voz espoñen as súas demandas sobre a cuestión do edificio de Chapela debatido en moción anterior e retíranse da sala facendo comentarios explícitos contra os grupos da oposición.

d) No punto 4.3.4. relativo a Moción do GPM AER sobre a taxa polo servizo de extinción de incendios, na páxina 19, trala votación debera constar a intervención do alcalde.

Deberá dicir:

O alcalde indica que aínda que non se aprobara, esta cuestión será levada proximamente á Comisión de Facenda para tratala.

A secretaria reitera ao respecto o manifestado nas anteriores sesións sinalando que as modificacións no borrador da acta unicamente se realizarán cando concorran erros materiais ou de feito, sen perxuízo de que sexan recollidas as observacións que os concelleiros desexen realizar.

2.- A concelleira Paría Blanco sinala as seguintes observacións:

a) Na páxina 10 hai un erro, no carto paragrafo da intervención da sra Amoedo, consistente en que onde di “Respecto dos motivos de levar este



asunto ao concello.../..." debe dicir "Respecto dos motivos de levar este asunto ao **consello**.../..."

b) Na paxina 12 se falou dunha cantidade estimada de 600.000 euros que non se recolle expresamente na acta .

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 09/17, da sesión ordinaria, correspondente ao mes de agosto, celebrada polo Pleno da corporación municipal o 07.09.2017 coa rectificación do erro material sinalado polo sr. Cano e a sra. Paris.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade do seus membros, coas rectificacións dos erros materiais advertido na páxina 10 e 12 da acta consistente en que:

a) onde di "Respecto dos motivos de levar este asunto ao concello.../..." debe dicir "Respecto dos motivos de levar este asunto ao **consello**.../..."

b) onde di " 2º

"1º. Que o concello de Redondela non compre ningún edificio ou edificio en construción que non se axuste á licenza urbanística.

2º

1º. Que o Concello de Redondela non compre o edificio ilegal situado na Finca da Puntela en Chapela.

2º.- Que o Concello de Redondela retome os expedientes de infracción urbanística abertos a esta edificación"

debe dicir "2º. Que o concello de Redondela retome os expedientes de infracción urbanística abertos a esta edificación por incumprimento da licenza inicial concedida"



2. Aprobación das festas locais para o ano 2018

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de interior na súa sesión do día 21/09/2017 que di:

“A presidenta da Comisión dá conta da proposta de días festivos locais, que transcrita di:

“Recibido o escrito do Servizo de Emprego e Economía Social, rexistrado de entrada o 18.09.2017 co núm. 13592 relativo ao procedemento de determinación das festas de carácter local para o ano 2018, de conformidade co texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Publicado no DOG núm. 175 o 14.09.2017 o Decreto 86/2017, do 7 de setembro, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2018; esta presidencia PROPÓN á Comisión Informativa de Interior que ditamine favorablemente o seguinte acordo para a súa posterior aprobación polo Pleno:

Fixar como Festas Locais para o ano 2018:

9 de abril – LUNS DO CRISTO

31 de maio – XOVES DA COCA”

Votación e ditame:

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria, acorda ditaminar favorablemente a proposta, cos votos a favor do grupo municipal do PP e do PSdeG-PSOE e os votos en contra do grupo municipal AER e do concelleiro non adscrito.”

INTERVENCIONES:

A sra. Amoedo Dasilva xustifica a proposta na comunicación que, como todos os anos, fai a Xunta de Galicia neste senso.

O sr. González Campo considera que, tendo en conta a importancia das festividades locais, debería discernirse as festividades locais das relixiosas e ter en conta as datas que son de interese de toda a veciñanza. Xa propuxo,



neste senso outras datas como ao de San Xoán na que se celebra o solsticio de verán.

O sr. Cano Correa amosa a súa conformidade co xoves da Coca pero non co luns do Cristo e considera máis apropiado o martes de carnaval xa que se trata dunha festividade de gran participación e, de non recoñecelo como festivo, os traballadores ten que pedir día nos centros de traballo para poder disfrutar coa familia desta festa. Sería un recoñecemento para esta festividade de gran apoio mentres que non escoller o luns de cristo como festivo non impediría que a xente poidera asistir a procesión. Engade que sería interesantes promover a participación da veciñanza neste asunto a través das redes sociais.

O sr. Reguera Ocampo apoia a proposta xa que é a mesma que en anos anteriores. Respecto as datas nas que concorren os festivos propostos as considera axeitadas por facilitar os pontes pola súa proximidade ao fin de semana. En ambos casos, se trata de festividade con raigambre como noutras festividade tales como a de Santiago apóstolo e a Peregrina en Pontevedra.

A sra. Amoedo Dasilva considera que é un debate que se repite todos os anos e que os festivos respontan ao raigambre das tradicións que levan aparelladas.

O sr. Fojo Durán considera que os solsticio de verán ten máis tradición e raigambre que o Luns de Cristo.

O sr. González Campo non considera intrascendente o debate por respostar as ideoloxías que soportan e apostan por festividade que aglutinen ao maior número de veciños e veciñas posibles e non ceñirlo a unha determinada creencia para tratar de evitar que a relixión marque todo o calendario. Remata a súa intervención clarexando que o que se celebra o 25 de xullo e o día da patria galega.

O sr. Cano Correa considera este un debate importante e pregunta qué criterio sigue o goberno na súa proposta de festivos, qué sexa luns?. Cree que a proposta non responta a realidade cultural do concello e recordalles que unha semana antes se celebra a semana santa.

O sr. Reguera Ocampo apoiará a proposta e recorda que a relixión se quiera



ou non infunde a nosa vida xa que se vive onde se vive e proba delo e que o carnaval se celebra porque existe a coresma.

A sra. Amoedo Dasilva considera que propor ao pleno a determinación dos festivos locais é boa proba do estado moderno no que nos atopamos e remata manifestando que aínda non viu a ninguén non celebrando a semana santa.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta de data 22/09/2017 relativa a Aprobación das festividades locais para o ano 2018.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría absoluta dos presentes, sendo 15 votos a favor (09 dos concelleiros do GPM do PP E 06 do PSdeG-PSOE) e 06 votos en contra (04 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito).

3. Dar Conta Expediente de Modificación de Crédito: 24/2017.TC12/17 e 25/2017.GC09/17

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 24/2017.TC12/17 mediante a transferencia de crédito por importe de 744,50 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 22.09.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 25/2017.GC09/17 mediante a xeración de crédito por importe de 561.912,31 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 22.09.2017.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

4. Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito 23/2017.TC11/2017

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión



do día 25/09/2017 que di:

“Que na sesión ordinaria do 25 de setembro de 2017 cos votos a favor do PP, o voto en contra de AER e as abstencións do PSOE, BNG e do concelleiro non adscrito se ditamina favorablemente a seguinte proposta.

PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA.

Que na actualidade o Orzamento do ano 2017 non está aprobado, estando prorrogado o do ano 2016.

Que no mesmo se recollen as previsións dos gastos a realizar polo Excmo. Concello de Redondela en diversos conceptos.

A día de hoxe, e debido á necesidade de dar cobertura á dotación orzamentaria para a tramitación dos convenios en cultura e o aumento do importe do contrato de limpeza, vese a necesidade de facer unha modificación orzamentaria para poder dotar do crédito ás aplicacións orzamentarias incluídas dentro da bolsa de vinculación xurídica 3-2, coa finalidade de poder atender os compromisos que poidan xurdir ata o peche do exercicio económico.

Visto o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Redondela para o ano 2016, prorrogado para o ano 2017.

Vistos e lidos os antecedentes deste expediente: Memoria de Alcaldía-Presidencia de fecha 21 de setembro: Informe preceptivo da Intervención Municipal (Ref: ASR-21.09.17.2) de data 21 de setembro, constando de sete páxinas cuns antecedentes, lexislación aplicable, sete consideracións e conclusión. Vista a certificación de existencia de crédito 21.09.17.1, de fecha 21 de setembro de 2017.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de*



créditos MC 23-17 tc 11-17 por un importe total de **130.000 €** supoñendo que:

Aplicacións de gasto cuxo crédito se minora

4412A/4890100 "Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte / Transporte interurbano" por importe de 40.000,00 €.

4412A/4890001 "Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte / Achegas viaxes sociais transporte metropolitano" por importe de 10.000,00 €.

4412A/4890000 "Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte / Subvención transporte metropolitano" por importe de 18.877,41 €.

4321A/22608 "Ordenación e promoción turística / Actividades organizadas pola Concellería de Turismo" por importe de 35.000,00 €.

1331A/22109 "Ordenación do tráfico e do estacionamento / Sinalización horizontal" por importe de 26.122,59 €.

Aplicacións de gastos cuxo crédito se incrementa

3231A/22700 "Ensino / Traballos de limpeza de edificios, dependencias e espazos", por importe de 39.640,00 €.

3381A/22609 "Festas populares e festexos / Actividades festivas" por importe de 90.360,00 €.

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

TERCEIRO.- A modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue,



para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin”

INTERVENCIÓN:

A sra. Amoedo Dasilva relaciona as partidas afectadas pola modificación proposta.

O sr. González Campo pregunta ao goberno qué obxectivos pretenden acadarse coa modificación. Dí que o goberno está en minoría e seguen sen dispor duns orzamentos correspondentes a este exercizo o que vai en contra do rigor anunciado polo goberno que non fixo nada e ten que propor continuamente modificacións orzamentarias para facer fronte ás obrigas de pagamento. Cree que non cumpren cos obxectivos e expectativas dos veciños.

O sr. Darriba Ferradás inicia a súa intervención manifestando que os orzamentos nin se traen, nin se lles espera e o goberno leva mais de tres millóns afectados por modificacións orzamentarias, cambiando o crédito das partidas como quixeron sen dispor do consenso da maioría.

O sr. Álvarez Castro considera que o goberno trata de ocultar que goberna en minoría e que son incapaces de traballar. Non dispoñen de orzamento correspondente ao 2017 e o do ano 2016 tivo que aprobarse pola Xunta de goberno local. Coa proposta de modificación que tratan de aprobar dilapidan o crédito asignado a promoción turística. Neste senso recorda a necesidade de mellorar a sinalización do tramo de camiño de Santiago que discorre polo termo municipal, ou a de afrontar a mellora do tráfico, asunto no cal o PSOE presentou varias alternativas. Recorda que os campamentos na illa de San Simón levan dous anos sen facerse. Considera que os concelleiros do goberno non saen do seus despachos para coñecer a realidade de Redondela.

A sra. Amoedo Dasilva resposta que os orzamentos do concello son estimacións e na execución do mesmos hai que axustar as partidas. Por outra banda clarexa que o pleno ten unhas atribucións, a Xunta de goberno local outra s e a alcaldía outras e que se exercen do xeito previsto na lei. Considera que a oposición fai demagogia con este asunto cando o certo e que o concello dispón dunha facenda saneada. Con estas modificacións se pretende facer axustes nas partidas na fase de execución orzamentaria para, entre outros, asumir as obrigas que o concello ten coas asociacións culturais e os clubs deportivos, tales como a asociación cultural Chapela, Millo verde, asociación



deportiva illa San Simón, club deportivo Cesantes e mais, que resultan dos convenios asinados con eles. Remata considerando que non hai gravidade algunha nun procedemento que fan todos os concellos.

O sr. Fojo Durán non esta de acordo coa orixe das aplicacións das que se detrae crédito polo que non apoiará a proposta.

O sr. González Campo considera que se trata dun novo chantaxe ao pleno para que se probe a modificación. Apoian as subvencións ás asociacións pero non apoia a mala xestión do goberno que trae nove meses despois da sinatura dos convenios o expediente a través do cal procederán ao abono da súas obrigas económicas por unha mala previsión. O traballo do goberno é traballar e convencer e non chantaxear a oposición.

O sr. Darriba Ferradás recoñece a distribución de atribucións entre os órganos de goberno pero tamén sinala que existe o consenso e a negociación e os criterios deben expoñerse e coñecerse e a realidade é que non existen orzamentos. Considera que a xestión do goberno e non gastar no que non lles interesa.

O sr. Álvarez Castro considera que a sra. Amoedo cruza novamente a liña política e demostra a súa falta de previsión ano tras ano. As contas non levan en positivo seis anos senón máis anos e grazas ao goberno socialista e non quere recoñecelo. Unicamente ten en conta as actuacións no centro da Vila e nunha parroquia mentres que o resto do termo municipal atópanse esquecidas. Os convenios se aprobaron hai máis de seis meses e non fixeron nada.

A sra. Amoedo Dasilva resposta que nestes seis anos de goberno popular rebaixaron a débeda que deixou o goberno socialista en mais de sete millóns. A realidade é que agora non asumen a súa irresponsabilidade e pretenden estrangular ao goberno: Neste expediente hai un gasto previsto para conmemorar a batalla de Rande que esixe de dotación orzamentaria que non pode garantirse sen a a probación desta modificación.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta de data 25/09/2017 relativa ao expediente de modificación de créditos MC 23/2017 TC 11/17 por un importe total de 130.000 €



VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta non resulta aprobada por maioría de votos en contra, sendo 12 votos en contra (06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 09 votos a favor dos concelleiros do GPM do PP.

5. Incremento do límite imposto polo Pleno ás gratificacións do persoal do concello.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 25/09/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 25 de setembro de 2017 se ditamina favorablemente co voto a favor do PP, voto en contra de AER e as abstencións do PSOE, BNG e do concelleiro non adscrito a proposta de:

Expediente 5810/2017. Aumento importe global gratificacións

PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN DE INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA.

Asunto: aumento da contía global da gratificación extraordinaria

A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-21.09.17.3 de 21 de setembro que consta de catro páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:



Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 48.436,69 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos.

O sr. González Campo considera que este asunto demostra novamente a falta de previsión e de planificación do goberno xa que nun principio se traxo e recibiu o apoio da oposición e agora a realidade demostra que as previsións iniciais fallaron. Engade que se o traballo se realizo os traballadores ten dereito a cobralo.

O sr. Darriba Ferradás sinala as observacións feitas no informe de intervención relativo á fiscalización da nómina que contén reparos que se reiteran todos os meses e que se agudizan ao finais do ano no que respecta ao número total anual de horas extras,

O sr. Cabaleiro Couñago considera a proposta unha proba mais da mala xestión dos recursos humanos do goberno pola deficiente xestión da área de persoal aínda que moitas veces estean limitados pola propia lei que o goberno do PP aprobo.

Engade que na maior parte das veces as horas a maiores que se realizan respontan a unha mala planificación que se evitaría cunha correcta organización do traballo. Gobernan en minoría e ten unha falta de vontade en negociar coa oposición.

Apoiaran a proposta porque quen traballa debe cobrar

A sra. Amoedo Dasilva considera que a diferenza deste punto respecto dos anteriores é que neste os sindicatos atópanse detrás e pide a oposición coherencia por congruencia e responsabilidade política. Considera que a oposición non ten criterio e aos concelleiros do grupo socialista dilles que non ten criterio nin cando gobernaban, nin agora como oposición.

O sr. González Campo considera que os traballadores do concello están



asolallados polas políticas de emprego do PP e do PSOE. Engade que esta proposta amosa a improvisación, desorganización e falta de criterio do goberno na xestión dos asuntos do concello e da inexistente planificación nos servizos públicos, como se demostra no carnaval de verán ou na xestión dos actos culturais promovidos dende o concello.

O sr. Darriba Ferradás reitera que a proposta demostra a non planificación do goberno e considera que non leen as advertencias contidas nos informes do interventor. Recorda que as gratificacións deben ser por servizos extraordinarios e puntuais e os que resultan das nóminas non o son.

O sr. Cabaleiro Couñago resposta á sra. Amoedo manifestando que é o goberno o que se estrangula solo e dille que a oposición non pode facerlle a planificación ao goberno. Recórdalle que o grupo socialista non ten responsabilidades de goberno senón de oposición para fiscalizar ao goberno e que a súa responsabilidade e para con os veciños.

A sra. Amoedo Dasilva remata o debate manifestando que os servizos deben ser prestados aínda que os medios persoais sexan limitados e as veces inexistentes por baixas e outras continxencias e a única maneira é o uso de horas extras. Poden traer propostas alternativas na comisión informativa.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta de data 25/09/2017 relativa ao Incremento do límite imposto polo Pleno ás gratificacións do persoal do concello.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría absoluta dos presentes, sendo 15 votos a favor (09 dos concelleiros do GPM do PP E 06 do PSdeG-PSOE), 04 votos en contra de AER e 02 abstencións (1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito).

6. Modificación Ordenanza da taxa reguladora de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.



ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 25/09/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 25 de setembro de 2017 se ditamina favorablemente co voto a favor do PP e as abstención do PSOE, AER; BNG e do concelleiro non adscrito a proposta de:

Modificación de Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de servizos de casas de baños , duchas , piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos

PROPOSTA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

Asunto: Expediente de aprobación de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nos outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

Á súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o concello debe contar con recursos para poder afrontar a prestación destes servizos. As Entidades Locais teñen potestade para regular as súas propias taxas.

A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos.

Neste caso trátase de modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos do BOP nº 249 do 30/12/98 e do nº 73 do 01/04/2000. Hai que ter en conta tamén a modificación de tarifas da piscina realizada no ano 2011.



Pavillón de Reboreda	10,00 €	70,00 €
----------------------	---------	---------

OUTRAS NORMAS ESPECIAIS DE XESTIÓN:

- A posibilidade de reserva das instalacións deportivas municipais do anexo II virá determinada pola súa dispoñibilidade tendo preferencia (por esta orde): o Concello nas actividades que organice ou autorice, as asociacións deportivas municipais, centros educativos redondeláns, federacións deportivas e as persoas físicas ou xurídicas distintas das anteriores.

- A cota da taxa pola utilización das instalacións deportivas do anexo II será cero nos seguintes supostos:

- 1) Actividades organizadas polo Concello de Redondela.
- 2) Asociacións e Clubs deportivos municipais (adestramentos, competicións oficiais e eventos deportivos).
- 3) Centros educativos públicos de Redondela que carezan de instalacións deportivas suficientes para as actividades de Educación Física autorizadas polo Concello de Redondela.
- 4) Actividades que pola súa natureza social, cultural ou deportiva repercutan en beneficio da colectividade local, autorizadas pola Concellería de Deportes.

- Todas as taxas comprendidas no anexo II deberán ingresarse en conta bancaria de titularidade municipal no momento de autorizarse o uso das instalacións, en ningún caso se procederá ao uso das mesmas sen a previa acreditación do ingreso realizado.

- A modificación da actual Disposición Final pola seguinte:

DISPOSICION FINAL.

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data de de e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día de de permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:



PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos que redenomina o anexo existente, introduce un novo e cambia a disposición final.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin."

INTERVENCIONS:

A sra. Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos.

O sr. González Campo non comparte o cambio de denominación proposto por inducir á privatización do servizo. Considera que a modificación encarece a practica continuada do deporte e considera que a practica deportiva debe potenciarse e institucionalizarse dende as administración e facela accesible a poboación.

O sr. Darriba Ferradás considera salientable que non defenda a proposta o concelleiro delegado de deportes. Considera que dende a concellería de deportes se debe facer un maior seguimento a concesións dos servizos privatizados e considera que é posible co uso colectivo previsto e co réxime de exencións se podan facer una prestación das instalacións deportivas sen costes engadidos. Considera que o único cambio na denominación é engadir "ANEXO I" sen que supoña unha alteración semántica da denominación.

O sr. Álvarez Castro considera que as tarifas son mais caras ca dos concellos limítrofes e bota en falta unha comisión informativa previa de deportes para valorar esta modificación.

A sra. Amoedo Dasilva considera que a ordenanza se caracteriza polo seu rigor técnico e supón un avance na prestación dos servizos no eido deportivo. Non considera costoso que un usuario pague dos euros por hora e medio de uso da pista e as asociacións e os que participen dela por cursos organizados polo concello. Non e cuestión de que un concello sexa mais caro que outro e invita á oposición a propor melloras no trámite de información pública.

O sr. González Campo non entende por que a proposta non é defendida polo



sr. Concelleiro delegado de deportes. Respecto ás taxas polo uso das instalacións deportivas as considera excesivas e moi elevadas respecto ás dos concellos limítrofes. A xustificación do goberno para o seu establecemento é o de rentabilizar a inversión pero non llo comparte nunha instalación de custe cero para o concello. Remata manifestando que cre que a xestión das instalacións será incorporada xunto coa concesión da piscina e o considera perigoso

O sr. Darriba Ferradás solicita ter acceso ás iniciativas do goberno con tempo suficiente para poder ser estudadas con detenimento co obxecto, entre outros, de poder propor melloras e aportar novas ideas sen necesidade de ter que presentar alegacións no trámite de información ao público.

O sr. Álvarez Castro ten claro o establecemento da taxa pero non o método utilizado para o seu cálculo e insiste nas taxas mais baixas das que dispón outros concellos.

A sra. Amoedo Dasilva clarexa que non intervén o concelleiro delegado porque ela é a voceira do grupo do goberno e defende as propostas

(o sr. Alcalde fai unha primeira chamada a orde ao sr. González Campo)

Continúa a sra Amoedo instando ao sr. Álvarez a que realice as aportacións que considere oportunas. Clarexa que a intención do goberno non e recaudar senón acadar instalacións financieramente sostibles tendo en conta que cada vez e maior o número das mesmas. Non se pretende privatizar o servizo senón xestionalo dende o concello

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta de data 25/09/2017 relativa a Modificación Ordenanza da taxa reguladora de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría absoluta dos presentes, sendo 13 votos a favor (09 dos concelleiros do GPM do PP e 04 de AER), 07 votos en contra (06 do PSdeG-PSOE E 01 do BNG) e 01 abstención do concelleiro non adscrito).



Sendo as 22:00 horas se fai un receso ata ás 22:30 horas

7. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial por importe 1.887,50 €

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 25/09/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 25 de setembro de 2017 se ditamina favorablemente co voto a favor do PP, AER, BNG e do concelleiro non adscrito e a abstención do PSOE a proposta de:

Expediente 5811/2017. Recoñecemento extraxudicial de créditos VII

Proposta da Alcaldía

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 21 de setembro de 2017, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos, aprobando no seu caso as correspondentes certificacións, por importe total de 1.887,50 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

<i>NOME TERCEIRO</i>	<i>Nro.Fact.</i>	<i>Data Fact.</i>	<i>Importe</i>	<i>Aplic. Orzamentaria</i>
----------------------	------------------	-------------------	----------------	----------------------------



Soluciones técnicas de Galicia	A132-16	30-12-16	375,00 €	3321B.22609
Polo Correo do Vento, SC	PCV084/2016	15-12-16	1.512,50 €	2311B.22610

”

-

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos.

O sr. Darriba Ferradás pregunta se a devolución da fianza do multiusos está resolto

A sra. Amoedo Dasilva resposta que é un tema alleo ao que se debate

O sr. Darriba Ferradás anuncia o seu voto en contra.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta de data 25/09/2017 relativa a Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial por importe 1.887,50 €

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría dos presentes, sendo 10 votos a favor (09 dos concelleiros do GPM do PP e 01 do BNG), 04 votos en contra de AER e 07 abstencións (06 dos concelleiros do PSdeG-PSOE e 01 do concelleiro non adscrito).

8. Declaración institucional do concello de Redondela en materia antifraude.

ANTECEDENTES:

Dáse lectura á Declaración Institucional que se transcribe a continuación:

“En virtude da Resolución do 12 de decembro da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI), que serán cofinanciadas mediante o



Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, o Concello de Redondela foi designado como Organismo Intermedio Lixeiro do FEDER para levar a cabo a selección e aprobación de operacións a financiar.

Segundo o anterior,

ACÓRDASE:

O Concello de Redondela adhírese á seguinte declaración institucional efectuada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios en materia antifraude no desenvolvemento das súas funcións.

“Un dos principais obxectivos para o devandito período é reforzar, dentro do ámbito das súas competencias, a política antifraude no desenvolvemento das súas funcións. Por iso, a AG quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros do seu equipo directivo asumen e comparten este compromiso.

Doutra banda, os empregados públicos que integran a AG teñen, entre outros deberes, velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes” (Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, artigo 52).

O obxectivo desta política é promover dentro da organización unha cultura que desanime toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión destes supostos. Así, entre outras medidas, a AG dispón dun procedemento para declarar as situacións de conflito de intereses.

As funcións da Autoridade de Xestión son asumidas pola Subdirección Xeral de Xestión do FEDER, que conta para estes efectos cun equipo de avaliación de riscos, para a revisión e actualización periódica da política antifraude, así como o seguimento dos resultados. Tamén conta coa colaboración dos diferentes responsables e xestores de procesos para asegurar que existe un axeitado sistema de control interno dentro das súas respectivas áreas de



responsabilidade e garantir, se é o caso, a debida dilixencia na implementación de medidas correctoras.

A partir das verificacións e os controis realizados nas fases previas pola AG, a Autoridade de Certificación dispón tamén, pola súa banda, dun sistema que rexistra e almacena a información precisa de cada operación para garantir a fiabilidade e regularidade en relación co gasto”.

O Concello de Redondela, para dar fiel cumprimento á declaración institucional efectuada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios en materia antifraude, comprométese a poñer en marcha medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude, baseadas na experiencia obtida en períodos anteriores e na recente avaliación do risco de fraude realizada para o efecto. Adicionalmente, conta con procedementos para denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse, ben a través das canles internas de notificación ben directamente á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF). Todos os informes trataranse na máis estrita confidencialidade e de acordo coas normas que regulan esta materia.

En definitiva, o Concello de Redondela terá unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e estableceu un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corrixir o seu impacto, en caso de producirse.

Esta política e todos os procedementos e estratexias pertinentes contan co apoio do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, creado por Real decreto 802/2014, do 19 de setembro (BOE de 26), co que revisa e actualiza esta política de forma continua.

E para que así conste, de oficio, expedir o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Redondela, documento asinado electronicamente á marxe.

ANEXO I:

E para que así conste, de oficio, expedir o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Redondela, documento asinado electronicamente á marxe.

Definición do termo fraude

No Convenio establecido sobre a base do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea, relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas define «fraude» en materia de gastos como calquera acción ou omisión intencionada relativa:



«á utilización ou á presentación de declaracións ou de documentos falsos inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a percepción ou a retención indebida de fondos precedentes do orzamento xeral das Comunidades Europeas ou dos orzamentos administrados polas Comunidades Europeas ou pola súa conta; ao incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto; ao desvío deses mesmos fondos con outros fins distintos daqueles para os que foron concedidos nun principio».

Definición do termo corrupción

A descrición do termo «corrupción» utilizada pola Comisión é o abuso de poder dun posto público para obter beneficios de carácter privado. Os pagos corruptos facilitan moitos outros tipos de fraude, como a facturación falsa, os gastos pantasma ou o incumprimento das condicións contractuais. A forma de corrupción máis frecuente son os pagamentos corruptos ou os beneficios de carácter similar: un receptor (corrupción pasiva) acepta o suborno dun doante (corrupción activa) a cambio dun favor.

Definición do termo irregularidade

Para os efectos do Regulamento (CE, Euratom) nº 2988/95 do Consello, do 18 de decembro de 1955, relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas, o termo «irregularidade» é un concepto amplo, que abrangue as irregularidades cometidas polos axentes económicos, xa sexan estas intencionadas ou non.

O artigo 1, apartado 2, do Regulamento (CE, Euratom) nº 2988/95 define irregularidade como:

«toda infracción dunha disposición do Dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico que teña ou tería por efecto prexudicar ao orzamento xeral das Comunidades ou aos orzamentos administrados por estas, ben sexa mediante a diminución ou a supresión de ingresos procedentes de recursos propios percibidos directamente por conta das Comunidades, ben mediante un gasto indebido».

INTERVENCIÓNS:

A sra. Paris Blanco procede á lectura literal da devandita declaración.

O sr. Covelo Miguez apoia o contido do texto aínda que considera que o goberno debe por en practica a transparencia boas practicas ás que reconduce tal declaración xa que seguen esperando unha maior transparencia mediante a publicación das retribucións dos concelleiros con responsabilidades na Deputación de Pontevedra ou maior publicidade na



contratación pública.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da declaración institucional antifraude.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o citado asunto a votación, resulta aprobada por unanimidade dos membros da corporación municipal.

9. Actividades de control do pleno.

9 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.

O Pleno queda decatado das resolucións da Alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

9. 2 Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

9 . 3 Mocións.

9.3.1. Moción do GPM do PP relativo ao estudio de viabilidade do edificio na finca denominada Puntela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do PP do día 21.09.2017 con número 2017-E-RC-13.859 que se transcribe a continuación:

“A parroquia de Chapela conta con arredor de 8.000 habitantes equipárase aos que ten o casco urbán de Redondela, e a a nosa parroquia se atopa cunha clara deficiencia de espazos destinados a dar un servizo municipal adecuado aos veciños e veciñas de Chapela e a súa entorna. Os [membr@s](#) dos colectivos sociais, culturais, veciñais e deportivos de Chapela que asinan esta solicitude, sendo algún tamén membro Consello Parroquial de Chapela, creemos que a nosa parroquia non pode carecer dunha oficina da Policía Municipal, e que deben mellorarse os espazos de Servizos Sociais, Rexistro



e Información municipal. E dicir, ten que ter uns servizos adecuados á poboación que temos, por iso entendemos que o goberno municipal do Concello de Redondela debe ter en conta as nosas demandas e estudar a viabilidade das mesmas.

Ante o acontecido no derradeiro pleno ordinario do Concello, onde mediante una moción do PSOE, que non ten nada que ver co acordado no Consello Parroquial de Chapela do día de 19 de Xullo de 2.017, no que se recollía a vontade dos colectivos que forman parte de ese Consello parroquial, e que solicitaban un estudo de viabilidade da Finca da Puntela, na Avenida de Redondela, par usos municipais.

E constatando que no pleno municipal de Setembro non se escoitou por parte da oposición o acordo da maioría do Consello parroquial, anteriormente reseñado, respecto á necesidade que a nosa parroquia ten de servizos municipais, traemos aquí esta proposta de Moción, para que a Corporación do Concello no seu próximo pleno aprobe un acordo no que se permita estudar a viabilidade urbanística, económica e de uso do Edificio da Finca Puntela, para usos de carácter municipal e social, así como das fórmulas xurídicas para que, cumprindo a legalidade, ese edificio poida ser usado única e exclusivamente para servizos públicos.

Polo que temos a ben propoñer ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

- 1. Levar a cabo un estudo da viabilidade urbanística, económica e xurídica do Edificio da Finca Puntela, para que cumprindo a legalidade, puidese ser utilizado para servizo público municipal e social para a parroquia de Chapela.*
- 2. Que se de traslado aos colectivos asinantes o estudo una vez elaborado.”*

INTERVENCIONES:

Por un dos membros do colectivo que propón a moción se procede á lectura do texto da mesma.

O sr. Fojo Durán considera que a intención do goberno ao tratar esta moción non é a de responder as necesidades dos veciños senón a acadar votos e dunhas persoas que asinan a proposta de moción que resultan ser simpatizantes do PP e , incluso, algún deles con intereses persoais neste asunto. Engade que o edificio é ilegal e existen outras alternativas menos custosas que permitirían dotar de espazos á parroquia de Chapela tales como as vivendas dos mestres e Colexio de Trasmañó. Considera que o que debe facer o goberno con este edificio e retomar o expediente de reposición



da legalidade infrinxida non tratar de mercado.

O sr. González Campo considera que a proposta de moción non está apoiada pola totalidade dos colectivos afectados da parroquia de Chapela. Firma algún presidente de colectivos sen contar co apoio da assemblea.

O BNG é sensible coa demanda dos veciños e dos colectivos e considera que hai locais baleiros na parroquia que poden albergar as instalacións demandadas sen ter que recorrer a un edificio afectado por un expediente de reposición de legalidade urbanística. Cree que o alcalde está conseguindo dividir aos veciños da parroquia con este asunto.

O sr. Bastos Devesa apoia a intervención do sr. González. Considera que a falta de medios tanto persoais como de locais é unha constante do goberno municipal da que este asunto que afecta a Chapela é un exemplo máis. Tratouse este asunto no correspondente consello parroquial do que aínda non dispón da correspondente acta.

Levan debatendo este asunto en varios plenos e no concello parroquial sen afrontar dun xeito real e carencia de medios que afecta a practica totalidade dos servizos municipais.

Lle sorprende que no punto anterior propoñan unha declaración antifraude e neste punto se debata sobre a adquisición dun edificio afectado por un expediente de reposición de legalidade que non se terminou e que deu orixe a unha moción de censura.

Falan de facer informes técnicos e xurídicos sobre a súa viabilidade cando no longo e desordenado expediente administrativo existen varios informes do secretario do concello, de maio e outubro de 1994 e do técnico municipal, de decembro de 1994, que falan da incompatibilidade da obra coa legalidade.

O sr. Cabaleiro Couñago considera este debate unha continuidade do da sesión ordinaria anterior. Non considera certo, tal como recoñece o expositivo da moción, que na sesión anterior non se reclamaran espazos para Chapela, moi ao contrario se falou de varios locais baleiros que poderían atender as demandas de novos espazos.

A sra. Amoedo Dasilva intervén para clarexar que o goberno esta a recoller



unha proposta de moción formulada por colectivos da parroquia de Chapela do xeito previsto no regulamento de participación veciñal.

(o alcalde fai unha chamada de atención ao público)

Critica o desprestixio feito pola oposición ás persoas asinantes da moción que forman parte de colectivos veciñais. Esta moción non é promovida polo goberno. Remata manifestando que dende o goberno se buscan alternativas de espazos pero non as atopan.

O sr. Fojo Durán reitera o manifestado na súa primeira intervención.

O sr. González Campo considera que o goberno non traballa para satisfacer ás necesidades de Chapela, proba de elo é que pediron unha oficina de xestión tributaria e a negaron o que demostra que non ten intención de afrontar a falta de espazos e non dispón dunha previsión que lles permita de forma eficaz distribuír equitativamente medios para facer fronte ás necesidades dos veciños e veciñas de Redondela en xeral e de Chapela en particular.

Remata manifestando que a adquisición de locais é unha atribución da alcaldía polo que considera que se desexa exercela o faga sen meter aos colectivos en medio e xerar conflito.

O sr. Bastos Devesa reitera o manifestado na súa anterior intervención e insta á concelleira de urbanismo a que retome o expediente de infracción urbanística.

O sr. Cabaleiro Couñago reitera o manifestado respecto a que na sesión anterior se falou de espazos alternativos para dotación de locais e insiste na dudosa credibilidade das persoas asinantes da moción que provoca que non esten representados todos os colectivos afectados.

A sra. Amoedo Dasilva considera que o que provoca sospeitas é o PXOUM e os convenios urbanísticos que tratan de “regularizar” unha edificación que non se axusta a legalidade vixente e que foron promovidos polo goberno socialista



Ese convenio foi avalado coa sinatura dun concelleiro do BNG que exercía de alcalde accidental en setembro de 2010 que polo tanto pretendía regularizar unha ilegalidade manifesta e agora a oposición se entretiene buscando militantes do PP entre os membros dos colectivos veciñais.

Engade que o PP non pide o carnet de militante a ninguén e o que esta a facer a oposición e cuestionar a propia lexitimidade das asociacións.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción do GPM do PP relativa ao estudo de viabilidade do edificio na finca denominada Puntela. de data 21/09/2017

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a moción resulta rexeitada por maioría de votos en contra (12 votos en contra dos que 06 corresponden aos concelleiros do PSdeG-PSOE, 04 aos concelleiros de AER, 01 ao concelleiro do BNG e 01 ao concelleiro non adscrito a grupo) e 09 votos a favor dos concelleiros do PP.

9 . 4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

Preguntas AER relativo varios asuntos (Rex. Entrada 26.09.2017, 2017-E-RPLN-4).

1) Sobre o traslado de Servizos Sociais. *Corresponde a rexistro presentado o 02/08/2017 e non contestado. En vista das xestións que o goberno local ten realizado para o traslado de Servizos Sociais do edificio do antigo conservatorio. Unha vez recepcionado o local nos edificios situados no antigo Regojo. Preguntamos: Poderían informar acerca do estado do proceso do traslado de Servizos Sociais, indicando prazos cos que se traballa e proporcionarnos acceso ao deseño, distribución e dotacións do novo local? Do mesmo xeito, poderían informarnos acerca da xustificación da demora que se está producindo na actualidade trala recepción do local na zona de Regojo?*

Resposta: A sra. Amoedo resposta que o goberno está en negociacións para acadar un espazo axeitado que garanta, entre outros, a accesibilidade e na actualidade se está procedendo ao cálculo dos impostos e a valoración do



arquitecto. Non pode dar prazos aínda.

2) Sobre Ordenanza de Transparencia e Bo Goberno. *Corresponde a rexistro presentado o 02/08/2017 e non contestado. Coa aprobación da “Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno”, quedou establecido o marco básico estatal en materia de transparencia das Administracións Públicas. Actualmente o Concello de Redondela non conta cun instrumento que contribúa ao cumprimento das exixencias derivadas do referido marco normativo estatal e, fundamentalmente, da “Ley 19/2013, de 9 de diciembre”. Por este motivo é necesario e fundamental que canto antes se redacte, debata e aprobe unha ordenanza sobre transparencia e bo goberno que constitúa o marco normativo a nivel local. En xaneiro de 2017 déusenos acceso ao expediente correspondente, pero dende aquela non sabemos se houbo avance algún ao respecto. Preguntamos: Poderían informarnos do estado de avance no que se atopa o proceso para dotar ao Concello de Redondela dunha Ordenanza de Transparencia e bo goberno, así como dos vindeiros pasos a dar neste senso?*

Resposta: A sra. Amoedo clarexa que as cuestións de transparencia e bo goberno que recolla unha ordenanza reguladora poderán cumprirse cando se poña en marcha os proxectos e actuacións de Redondela 2020. Na actualidade a transparencia se canaliza a traves da web institucional que dispón de medios axeitados para poder dar cumprimento á mesma.

3) Sobre problemas de accesibilidade a Servizos sociais. *Corresponde a rexistro presentado o 02/08/2017 e non contestado. Sendo coñecedores de que o pasado 27 de xuño tívose que atender a un usuario do Departamento de Servizos Sociais fora das súas dependencias por problemas de accesibilidade. Preguntamos: Poderían informarnos acerca das causas desta situación e dar acceso ao expediente respecto das reclamacións ao respecto que puidera ter interposto o susodito usuario?*

Resposta: A sra. Amoedo resposta que as persoas que pola súa mobilidade reducida non poden acceder ás instalación son atendidas persoalmente no despacho no que se atende ao publico para garantir a atención de todas elas.

4) Sobre o estado da asignación do local común para asociacións. *Corresponde ao seguimento de moción aproba no pleno do 28 de xuño de 2017 No pasado mes de xuño aprobouse a moción sobre a “Posta en*



funcionamento dun local compartido de asociación no Multiusos da Xunqueira". Os acordos adoptados foron: 1.- Que de xeito inmediato se concrete unha aula do Multiusos da Xunqueira (Espazo 01 ou 05) para asociacións mediante xestión compartida e auto organizada, propoñendo como a posibilidade máis interesante, ao contar con almacén e acceso exterior, a coñecida como Aula da Cafetería (Espazo 01). Notificarase da dispoñibilidade ás entidades interesadas mediante escrito oficial do concello. 2.- Que no mes de agosto, unha vez remate o programa de conciliación de verán, poidan as asociacións empezar a facer uso desta aula compartida. 3.- Que se dote a susodita aula de acceso a internet, conexión telefónica e mesas e sillas para facilitar a organización básica das entidades que a van a empregar como sede permanente e xestionada conxuntamente. 4.- No que respecta ás entidades que se atopan nas antigas casas dos mestres, estas non abandonarán a súa actual ubicación mentres non se implemente o estipulado nos acordos anteriores." Preguntamos: Xa a piques de rematar o mes de setembro, como se atopa o proceso da posta en marcha do local compartido de asociacións segundo o aprobado no pleno?

Resposta: A sra. Paris resposta que cando se aprobo esta moción estaba pendente de coñecer os obradorios e funcionamento para a distribución dos espazos. O multiusos se comparte para todos igual. Falan dunha lista de asociacións e dille que no momento en que puidan ter un lugar apropiado tendria que ver que asociacións van a ser para distribuír e como local compartid deberan garantir que efectivamente sexa así.

5) Sobre o recheo do talude/noiro da AP-9 comprendido entre a entrada do Camiño da Fraga e a entrada de Río Frío na estrada N-552 en Chapelá. Nas últimas semanas, Audasa procedeu ao traslado de terras procedentes das obras da ampliación da AP-9 ao punto mencionado, incrementando de forma considerable o talude que agora presenta un estado con distintos niveis. Nestes intres, estase procedendo á colocación de "manta xeotextil" presuntamente para evitar problemas de drenaxe. Analizada a documentación do proxecto da ampliación da AP-9, observamos que esta actuación non está incluída no proxecto construtivo, polo que non podemos determinar datos sobre a estabilización do talude, a vexetación da que vai dispoñer, nin o impacto que poden ocasionar os sedimentos desa acumulación de terras á rede de augas pluviais do concello de Redondela. Tendo en conta que a Comisión de Seguimento das Obras da AP-9 foi creada para tratar o desenrolo das mesmas e sobre todo as actuacións dentro e fóra do proxecto que puideran afectar ao municipio de Redondela; comisión que ao entender



desta Agrupación permanece secuestrada polo alcalde de Redondela e os intereses do Ministerio de Fomento. Tendo en conta que os rexistros sobre a AP-9 non se lle contestan a esta Agrupación, realizamos neste pleno a seguinte pregunta sobre a anterior exposición. Foi informado por escrito o Concello de Redondela sobre esta actuación exposta? Está facendo algún tipo de control o Concello de Redondela sobre a estabilización e vexetación dos novos taludes da ap-9 que lindan cos espazos públicos das parroquias afectadas? Vai haber outros recheos no trazado da Ap-9 desta índole?

Resposta: O sr. González resposta que por escrito non foi informado pero si verbalmente. Si, se esta facendo comprobación in situ e son remoldeacions dos existentes.

ROGOS:

Rogos AER relativo ao transito pola Senda da Auga (Rex. Entrada 27.09.2017, 2017-E-RPLN-5)

1) Sobre tránsito pola Senda da auga. *Dun tempo a esta parte, o tránsito de persoas tanto a pé como en bicicleta pola Senda da Auga aumentou moito co transito de peregrinos. A maiores, coa presenza do “banco mais bonito do mundo” un gran número de persoas, provintes doutros concellos na súa maioría, levan os seus vehículos case ata o propio banco en busca do mesmo por zonas da senda onde está prohibido o tráfico rodado. Despois de facer un percorrido pola zona notamos unha gran falta de sinalización, polo tanto rogamos:*

- *Sinalizar claramente a prohibición do tráfico rodado nas zonas non habilitadas para elo, así como a prohibición de estacionar, exceptuando a residentes e accesos a propiedades con dereito de paso.*
- *Sinalizar aparcamentos disuasorios.*

Resposta: O sr. González resposta que a senda de auga non é do concello pero e coñecedor de que os veciños sofren o que esta a dicir. E unha reclamación de longo pola parte do concelleiro delegado e espera que este resolto.

Rogos PSdeG-PSOE relativo a limpeza do Camiño de Santiago (Rex. Entrada 27.09.2017, 2017-E-RE-521)

Moitos dos tramos do Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Redondela, están cheos de maleza pola falta de limpeza e nalgúns casos como no Camiño dos Frades ata con cascallos e restos de mobiliario.



*Rogamos, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para:
Que se xestione a limpeza do Camiño de Santiago ao longo do seu paso polo noso concello.*

Resposta: A sra. Barciela resposta que o camiño pertence a Quintela e como moito hai dos meses se limpio e respecto a escombros ao lado dos contenedores fan vertidos incontrolados.

Rogos PSdeG-PSOE relativo aos carteis nas Fontes (Rex. Entrada 27.09.2017, 2017-E-RE-522)

Tras a análise da auga das fontes, chegou a existir erros que puido confundir á veciñanza ao colocarse carteis de “auga potable” que contradicían o existente de “auga non potable”. A pesar de que os resultados das análises se publican, moitas persoas non teñen acceso a eles.

Rogamos, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para:

Que se sinalice en cada fonte de Redondela a data e resultado dos análises resultadas destas.

Resposta: O sr. Álvarez Ballesteros responde que ten que indicar as fontes para poder corrixilo. Engade xa hai varios sistemas para instalar. Ten varios modelos onde se pon que a auga non é tratada sanitariamente. Están valorando se poñerlas en madeira ou metal. Ten que respetar o patrimonio. Hai fontes que non teñen os nomes adecuados

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e sete minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde remata a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-